

PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE CONTRABAIXO

A proba de acceso a primer curso de grao profesional consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos dunha dificultade axeitada ó nivel (ver lista orientativa) e un fragmento a primeira vista, elaborado polo tribunal. Unha das obras será interpretada de memoria.

Disposicións xerais para as probas de acceso

- Admitirase calqueira obra de características similares.
- O acompañamento de piano nas obras que así o precisen será por conta do alumno.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas.

Listado orientativo de obras

- F. SIMANDL : Estudio nº 2 [de “30 estudios”] (ed. IMC)
- F. SIMANDL : Estudio nº 3 [de “30 estudios”] (ed. IMC)
- C. SAINT- SÄENS : O elefante (de “O carnaval dos animais”), ed. Durand)
- J. GÁRSCIA : Bolero (“Leichte spielstücke...”, ed. VEB Leipzig)
- M. DARE : Menuet (ed. Yorke)
- C.HOAG : Variacións sobre un tema de J. Blow (ed. Yorke)

PARTE II

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4^a en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.